

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

I. Os alumnos que na convocatoria de xuño ou se é o caso, tras a convocatoria extraordinaria de setembro obteñan avaliación positiva en todas as materias promocionarán ao curso seguinte.

II. Os alumnos que tras a convocatoria extraordinaria de setembro obteñan avaliación negativa en unha ou dúas materias, promocionarán ao curso seguinte con elas pendentes.

III. Aos efectos de promoción, no cómputo das materias, considéranse tanto as non superadas do propio curso como as de cursos anteriores.

IV. A materia de Ciencias da Natureza do 3º curso desdobra en Bioloxía e Xeoloxía por un lado, e Física e Química por outro, manterá o seu carácter unitario a efectos de promoción.

V. Excepcionalmente, a Xunta de Avaliación, por maioría simple dos seus membros, poderá decidir sobre a promoción ao curso seguinte de un alumno con tres materias avaliadas negativamente. Antes de proceder a esta votación o equipo docente deberá estudar se procede ou non considerar a condición de excepcionalidade tendo en conta o especificado no seguinte apartado.

VI. O Claustro de profesores do IES Rafael Puga Ramón, co fin de unificar criterios entre os equipos docentes e actuar coa maior equidade á hora de decidir a promoción do alumnado, acordou non considerar a condición de excepcionalidade se non se cumpren as condicións que seguen na súa totalidade:

a) Que o alumno se atope en condicións familiares ou persoais que a xuízo das tres cuartas partes dos membros da Xunta de Avaliación xustifiquen considerar a situación de excepcionalidade.

b) Que ao longo do curso non se producise unha situación de abandono en ningunha das materias avaliadas negativamente. Cando un profesor advirte que un alumno está a ter unha actitude claramente negativa cara á súa materia procederá a avisar ao titor por escrito e de forma razoada. O titor porá o feito en coñecemento dos pais, de xeito inmediato e tamén por escrito. De producirse tres avisos deste tipo ao longo do curso, considerarase que o alumno abandonou a materia.

c) Que algunha das materias avaliadas negativamente non teña continuación no curso seguinte ou ben que a natureza das dificultades do alumno nalgunha das devanditas materias non lle impida seguir con éxito a do seguinte curso a xuízo do profesor especialista nesa materia presente na xunta de avaliación.

d) Que a xuízo das tres cuartas partes dos membros da Xunta de Avaliación, co asesoramento do Departamento de Orientación, a promoción beneficie a

evolución psicológica e académica do alumno.